



## Sala de comunicación

### Actualidad ▾

→ Notas de prensa

Hemeroteca

→ Actualidad en imágenes

→ Actualidad en vídeos

→ Actualidad en sonidos

› Videoteca

› Planes y actuaciones

› Consejos de Gobierno

› Conferencias y discursos del presidente

## Rosa Quintana enxalza a iniciativa Ardentía do GAC 5 como un reflexo da cultura e tradición mariñeiras de Rianxo

› Subliñou que iniciativas coma esta contribúen a mellorar e reforzar a imaxe de Rianxo como punto de atracción turística



Escuchar

« Volver

**Rianxo (A Coruña), 7 de marzo de 2014.-** A conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, participou esta tarde na presentación do proxecto Ardentía, do Grupo de Acción Costeira da Ría de Arousa, GAC 5. Durante o acto a conselleira enxalzou o proxecto, promovido pola confraría de pescadores Virxe do Carme e apoiado polo GAC, como un reflexo da cultura e tradición mariñeiras de Rianxo.

Rosa Quintana sinalou que ademais de permitir por en valor o concello de Rianxo e mellorar a competitividade da súa pesca artesanal, o proxecto "rende unha merecida homenaxe aos milleiros de homes e mulleres, que ao longo dos séculos dedicaron a súa vida á pesca, ao marisqueo e ás tarefas de salgadura". Neste sentido, subliñou que iniciativas coma esta, encamiñadas a revalorizar a actividade da pesca artesanal e os seus produtos, contribuirán a mellorar e reforzar a imaxe de Rianxo como punto de atracción turística.

Durante a súa intervención a titular de Medio Rural e Mar tamén destacou a riqueza dos recursos pesqueiros desta vila mariñeira. Para iso, puxo como exemplo os 400.000 quilos de peixe e marisco que o ano pasado extraeron os integrantes da confraría 'Virxe do Carme', unha confraría na que "centos de mariscadoras e mariscadores, mariñeiros, armadores e bateiros realizan as súas tarefas a pé ou a bordo das máis de 336 embarcacións rexistradas neste Cabido".

### Proxecto Ardentía

O seu obxectivo xeral é aumentar a competitividade local ao engadir valor ao territorio a través dunha iniciativa coa que exportar a cultura, tradición e historia do sector pesqueiro rianxeiro a outros pobos, levando como selo de referencia a tradicional pesca artesanal. O proxecto artículase en dúas liñas: unha de importancia da diferenciación e outra de divulgación e formación. O seu orzamento total é de 6.700 euros, sendo subvencionado na súa totalidade a través do Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca.

A liña de importancia da diferenciación inclúe como actividade a exposición itinerante Rianxo Artesanal, que hoxe se inaugura e que está formada por 14 paneis temáticos que reflicten toda a orixe e historia do sector pesqueiro rianxeiro. O eixo de divulgación e formación inclúe como actividades o concurso escolar O noso selo: Rianxo artesanal e actividades formativas destinadas ao sector pesqueiro e mocidade.